



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es



**Resolución provisional dos centros seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2019/2020 correspondentes ao 6º curso de Educación Primaria e aos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.**

Segundo os termos establecidos no artigo 11.2 da Orde de 8 de maio de 2019 (DOG do 23 de maio de 2019) pola que se regulan a convocatoria e a selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, dependentes desta Consellería, para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución provisional dos centros seleccionados de sexto curso de Educación Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coas quendas correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes e os excluídos.

A exposición pública desta resolución provisional no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal>) abre un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 11.4 da Orde do 8 de maio de 2019.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019

O presidente da comisión de selección

Asdo.: Juan Carlos Varela Vázquez

Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

NOTA: Por mor dunha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e/ou renuncias por correo electrónico ao enderezo: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es) ou por fax ao número 881997424, o que non exclúe facelo segundo o procedemento administrativo establecido.